

PROPOSTA DE BASES DO III CERTAME XUVENIL LITERARIO E DE ARTES PLÁSTICAS CONCELLO DE RIBADEO

FINALIDADE DO PREMIO.

A Concellaría de Cultura do Concello de Ribadeo pon en marcha o III CERTAME LITERARIO E DE ARTES PLÁSTICAS XUVENIL CONCELLO DE RIBADEO co fin de dar a oportunidade de mostrar a súa capacidade creativa ás mozas e mozos dos concellos da Mariña mindoniense.

REQUISITOS PARA PARTICIPAR.

Poderán participar todas aquelas mozas e mozos nados entre o 1 de xaneiro de 1988 e o 31 de decembro do ano 2002.

Tamén se establece como requisito que as persoas que concursen naceran e/ou vivan en calquera dos concellos da Mariña mindoniense. Para os efectos, consideraranse mariñáns aquelas persoas que estean estudando o bacharelato de Artes no IES Monte Castelo de Burela, aínda que non sexan oriúndos da comarca ou non vivan habitualmente nela.

TRABALLOS QUE SE PODEN PRESENTAR.

Establécense tres modalidades: relato curto, poesía e debuxo. Cada participante só poderá presentar un traballo para cada unha das modalidades.

Deberán estar escritos en lingua galega, na normativa oficial.

A temática será libre, pero valorarase de xeito especial que as obras teñan perspectiva de xénero e que reflectan aspectos ou elementos de Ribadeo e a comarca da Mariña.

Os traballos presentados deberán ser orixinais e inéditos, tanto de xeito impreso, como en calquera tipo de edición dixital.

Os traballos presentados pola modalidade de relato curto deberán ter un mínimo de 3000 caracteres e un máximo de 10.000 (con espazos incluídos, letra tamaño 12 cpi e espazo entre liñas dobre).

Os traballos presentados na modalidade de poesía non poderán sobrepasar os 150 versos, non establecendo ningún mínimo.

Na modalidade de debuxo e pintura poderanse presentar traballos realizados con calquera tipo de técnica de debuxo, incluso asistido por ordenador (b/n e cor) bidimensional (non se aceptarán obras en 3D). En calquera caso, os traballos presentados deberanse entregar en formato físico (papel DIN A3 ou DIN A4).

TEMPO E MODO DE PRESENTACIÓN

Os mozos e mozas que participen nas modalidades de relato curto e poesía deberán entregar os seus traballos en soporte papel por triplicado.

No caso de se entregar un debuxo feito a man, a maiores do orixinal deberanse entregar dúas copias do mesmo (xa sexa en b/n ou a cor, segundo as características do orixinal).

En ambos casos, os exemplares deberán ser introducidos nun sobre grande no que tamén se incluíra outro sobre pequeno, pechado, cos seus datos (nome, apelidos, enderezo, teléfono ou correo electrónico) e o *curriculum vitae* se o consideran oportuno, ademais de unha fotocopia do seu DNI (ou documento equivalente legalmente) para podermos acreditar a súa data de nacemento. No exterior deste segundo sobre só aparecerá o título ou lema da obra.

Pódense enviar traballos ao concurso desde **o 22 de marzo ao 12 de abril de 2019**, ambos os dous incluídos, co seguinte texto no sobre grande:

PARA O

III CERTAME LITERARIO E DE ARTES PLÁSTICAS XUVENIL

CONCELLO DE RIBADEO

Casa do Concello.Praza de España 1

27700 Ribadeo (LUGO)

MODO DE ENVÍO

Exclusivamente a través de correo postal poñendo no remite soamente o título ou lema da obra.

PREMIOS.

Haberá un premio de 500 euros por categoría á que lle será feita a retención que corresponda.

Se o xurado o considerara oportuno, poderanse crear accésits, aínda que sen contía económica.

XURADO E DITAME.

O xurado escollido para valorar as obras presentadas estará composto por persoas do mundo do ensino e da creación artística e literaria vencellados coa comarca da Mariña. Á hora de valorar as obras terase en conta de xeito especial, que inclúan a perspectiva de xénero e que reflectan aspectos ou elementos de Ribadeo e a comarca da Mariña. Por suposto, e cando se redacte a acta do fallo, indicarán que criterios os levaron a determinar cal foi a obra gañadora. Evidentemente, sexan os que sexan os criterios estéticos adoptados, deberán ser aplicados cos principios de igualdade, mérito e capacidade. En todo caso, os membros do xurado serán nomeados por resolución da alcaldía.

OBXECCÍONS E NORMAS DE INTERESE.

O Concello de Ribadeo reserva o dereito a publicar as obras premiadas nalgún tipo de publicación, xa sexa periódica (algún xornal ribadense ou da comarca), xa sexa ocasional (como por exemplo, algunha publicación de carácter cultural que saia á luz tanto en Ribadeo como no resto da Mariña mindoniense). Este dereito esténdese tanto aos premios como aos accésits.

As obras non premiadas seranlles devoltas aos seus autores e ás súas autoras se as requiren antes de rematar o mes seguinte ao da decisión do Xurado. Se ninguén as reclama, serán destruídas.

No caso das obras premiadas na modalidade de debuxo e pintura, o Concello reserva o dereito a reproducir un exemplar das mesmas para seren expostas en lugares relacionados coa actividade cultural no Concello indicando, iso si, a autoría da obra e o premio que obtivo con ela.

Os orixinais serán devoltos no prazo de un mes despois do ditame do xurado sempre que os/as gañadores así o soliciten.

A Concellaría de Cultura é a única entidade con capacidade para decidir en última instancia calquera dúbida que puidese suscitar a interpretación das bases deste certame.

O feito de concursar implica a aceptación das bases por parte das persoas participantes.

Ribadeo, 29 de xaneiro de 2019.

Xosé Farruco Graña Rama